



/ O que fixemos... /

A música popular soou no Centro Cívico de Monte Alto.

Neste percorrido polos centros sociais da cidade herculina que ven levando a cabo o grupo de cantos populares da Asociación Tanxedoira, con motivo do seu corenta aniversario, non podía esquecerse dun dos dez barrios máis especiais de toda a Península Ibérica e o máis emblemático da Coruña: o barrio de Monte Alto.


E así, o pasado sábado, 27 de xaneiro, no salón de actos do seu centro cívico, ocupado por un nutrido grupo de veciños e veciñas, os e as compoñentes do cadro musical foron interpretando unha selecta variedade de cantos de "andar por casa" moi coñecidos e que, ben dirixidos polo seu novo director, animaron e atraparon cas súas notas a todos os presentes que, pouco a pouco, foron fundindo as súas voces cas da formación vocal, ao mesmo tempo que facían soar ritmicamente as palmas.



Actuación no barrio-berce de moitas agrupacións musicais.

É de agradecer que neste barrio, onde teñen o seu asentamento moitas formacións musicais e culturais de gañado prestixio (Aturuxo, Cantigas da Terra,

Follas Novas ou Airiños da Torre, entre outras) a Asociación Tanxedoira puidera dar a coñecer todas as súas actividades, facendo fincapé en que todas elas son impartidas de forma totalmente de balde.

Agardamos que na próxima actuación do grupo de cantos populares, o vindeiro sábado, 17 de febreiro, en plenas festas do entroido, se poida dar unha nova mostra do bo facer desta colectividade cultural 

Luis Landín.

Festa da laconada.

O día 10 de febreiro de 2018 recibín con satisfacción e sorpresa a laconada no Javimar promovida pola Asociación Tanxedoira, porque vivín en primeira persoa o excelente ambiente de alegría familiar que reinaba entre os e as asistentes, entre os cales me estou a integrar porque son nova, recién chegada.

A animación de tres guitarristas aumentou a ledicia reinante toda vez que se sumaron aos cantos outros grupos que estaban no restaurante.



Despois de ben comidos e ben bebidos.

Mención aparte merece o sorteo de agasallos, xa que case había un por cada asistente. A pesar disto, houbo alguén a quen lle tocou máis dun regalo.

Do mesmo xeito, animo á Xunta Directiva a promover sempre eventos deste tipo e suxiro que á laconada do entroido de cada ano haxa unha

especie de “obriga” de ir todos con algún disfraz ou alegoría do entroido. Ou inclusive fomentar unha especie de comparsa e presentarse a concurso con este tipo de ideas ou eventos. Coido que iso axudaría a perdurar no tempo a esta asociación, polo menos, durante outros corenta anos. E até aquí a miña mensaxe positiva👍

Olga Vecino.

Actuación no C. C. Os Rosais.

O pasado sábado 17 de febreiro o Coro de Tanxedoira tivo unha actuación no Centro Cívico dos Rosais, por mor das actuacións que estamos a facer por todos os Centros Cívicos da nosa querida cidade.

No meu caso, en particular, había un problema engadido, pois eu non tiña nin remota idea de onde era este centro, xa que nunca estivera antes nel. E a pesar de ir moi ben acompañada poda miña amiga e compañeira Rosario, as dúas pasamos un anaquiño perdidas, mais ao fin preguntamos e demos co lugar, que se situaba baixo unhas figuras estrañas de cores chamativas, que xa nos chamaran á atención ao velas, pero que non sabiamos que baixo elas se atopaba o lugar ao que íamos cantar.



Animando o tempo da tarde.

Todos chegamos bastante puntuais e tentamos facerlle pasar un ratiño agradábel á xente que nos estaba a acompañar. Cantamos os nosos cantos de populares, algunha peza da tuna e

rematamos, como non, grazas a que pediron que fixeramos un bis, con *El toro y la luna*.

Foi unha tarde entretida e vímonos entre amigos e familiares que, moi gustosos, viñeron a nos acompañar e, como non, a cantar con todos e todas nós👍

Carmen Santiago.

Certame de rondallas.

O pasado 24 de febreiro tivo lugar no Centro Cívico dos Mallos o certame de rondallas con motivo dos nosos 40 anos de historia. Os grupos convidados nesta ocasión foron a Agrupación Carlos Seijo, de Betanzos; a rondalla Latexos, de Foz; e a rondalla Alecrín, de Ourense. Con todas elas, como vedes, tentouse ter unha representación de cada provincia da Galiza.



Participación da Rondalla Tanxedoira.

A Agrupación Carlos Seijo é unha vella coñecida nosa coa que levamos a colaborar varios anos, mentres que, pola contra, as anteriores, eran rondallas “novas” convidadas expresamente para a ocasión. Hai que dicir que o feito ficarmos encantados e encantadas é pouco. E como mostra, cómpre destacar que tanto Latexos como Alecrín convidáronnos para os festivais que están a organizar ambas as dúas agrupacións.

Despois das actuacións de cada rondalla, todas as persoas que asistiron e participaron no festival fomos ao “fin de festa” organizado pola

asociación, onde podemos desfrutar duns petiscos e unhas gargalladas en moi boa compañía. De feito, había algún membro de Alecrín (Ourense) que o estaba a pasar tan ben, que non quería marchar e tiveron que arrastralo pola porta para fóra.

Quero aproveitar esta ocasión para agradecer a Cáritas que nos prestara o seu local para organizar os petiscos, así como a todos os socios e socias que, dalgún xeito, nos ajudaron na organización do festival, ben colocando e traendo a comida, ben acompañando as agrupacións e solucionando os problemas e dúbidas que pudieran xurdir.

E, por suposto, a San Brandán, que colaborou co evento ao nos agasallar cun bolos con chocolate, que ao fin... voaron! 📌

Leticia Riestra.

Cantos Populares no C. C. Sagrada Familia.

O sábado 10 de marzo fomos actuar ao Centro Cívico da Sagrada Familia. Alí cantamos moitas pezas populares e o público estaba encantado. De feito, un señor pasou a meirande parte da actuación gravando co seu marabilloso iPhone 5.



Listos para saír ao escenario.

Despois, unha señora preguntounos onde ía ser a nosa seguinte actuación, xa que lle gustáramos moito.

Ao rematar, fomos todos xuntos ao local de Tanxedoira para tomar uns petiscos e pasámo-lo xenial cantando e bailando toda a tarde 📌

Carlota Blanco.

Actuación no C. C. Santa Margarida.

Sábado 7 de Abril. Este ano a Asociación Cultural Tanxedoira cumpre 40 anos e vímolos celebrando ao grande. Estamos a percorrer os Centros Cívicos da Coruña cos nosos cantos populares e hoxe correspóndelle ao C. C. Santa Margarita. Ben, digo estamos, mais non me presenteí. Para quen non nos conexas, teño que dicir que somos o coro da Asociación Cultural Tanxedoira, e imos cantando as nosas cancións populares que toda a xente maior coñece. Alí onde imos alegrámo-lles a tarde e eles felices, pois participan connosco e dá gusto velos tan contentos.



Alegrándolles a tarde aos asistentes.

Connosco vén Leticia Riestra (presidenta) coa súa guitarra, o noso compañeiro de rondalla Tito e, como non, o noso director David. Coas súas guitarras e os nosos cantos amenizamos as tardes ao noso auditorio. A verdade é que nós o pasamos moi ben, pois somos un grupo de xente de distintas idades, desde os 6 ata os 80 anos, e levámonos estupendamente, e así desexo que siga sendo sempre 📌

Puri Seoane.

C.C. San Pedro de Visma. Cantos Populares.

O pasado día 5 no Centro Cívico de San Pedro de Visma, membros do Coro e Rondalla, puxeron punto e final, a un ano de actuacións polos Centros Cívicos da cidade.



Enchendo o espazo de notas musicais.

Mais unha vez, os e as compoñentes dos devanditos grupos, puxeron en escena o repertorio dos cantos populares e de taberna, que fixeron a delicia, nesta ocasión ao coincidir co partido Celta-Deportivo foi máis ben escasa, dos presentes. A pesar da pouca presenza de xente, a implicación máxima dos membros nunca decaeu na hora aproximada de duración, en que soaron cancións de sempre como “A Rianxeira”, “Catro vellos mariñeiros” e o xa ben popular “Hai que afiala”, que todos se animaron a cantar. Tan ben o estaban a pasar, que até nos pediron unha derradeira a pesar de anunciar o final unha canción antes, para a cal, o noso director David pediunos entoar “O andar miudiño”. Ben por todas e todos eles. Agora, tras este *tour* pola cidade recollendo éxitos, agradecer a todos os que participaron e a todos os asistentes, por compartir con nos, estas tardes musicais.

Até a seguinte👉

Roberto López.

Aqueles maravillosos anos!



20/06/1988 Xantar na excursión fin de curso.

Fe de erratas.- A fotografía incluída no boletín de Xaneiro 2018, no apartado "Aqueles maravillosos anos", tivo lugar no local do Mercado de Elviña, no ano 2002, e non no lavadoiro de Monelos.

/ A destacar.../

Axenda

👉 12, 13, 19 e 20 de maio.

CERTAME DE TEATRO.- Incluído nos actos do XL Aniversario e coa participación de:

Día 12.- Grupo de teatro Xiria.

Día 13.- Grupo de teatro Salesianos.

Día 19.- Grupo de teatro Melandrainas.

Día 20.- Grupo de teatro Tanxedoira.

Centro Cívico Os Maios. Estrada Baños de Arteixo 147. Horario: 18:00. Entrada de balde.

👉 26 de maio.

FESTIVAL FIN DE CURSO.- Actuacións de diferentes colectivos de alumnado das diversas especialidades, aos que se sumarán as intervencións dos grupos artísticos de Tanxedoira (Coro, Teatro e Rondalla), ademais doutras actividades. Centro Cívico Os Maios, Estrada Baños de Arteixo 147. Hora: 17:30. Entrada de balde.

📅 31 de maio.

V CERTAME DE FOTOGRAFÍA FERNANDO POMBO.- Finaliza o prazo para a presentación de traballos.

📅 2 de xuño.

COMIDA XL ANIVERSARIO.- Conmemoración especial do XL Aniversario de Tanxedoira. Restaurante Boavista. Rúa Real 83. Hora 14:30. Prezos para socias e socios: Adultos 25 € - Menores de 12 anos 15 €. Prezos para persoas non asociadas: Adultos 32 € - Menores de 12 anos, 21 €. Existe unha listaxe de inscricións no local social.

📅 3 de xuño.

COMUÑÓNS.- Actuación do Coro Tanxedoira na Parroquia Resurrección do Señor. Rúa Petunias. Hora: 12:30.

📅 9 de xuño.

RESIDENCIA BALLE SOL (Oleiros).- Actuación do Grupo de Cancións Populares. Hora: 17:00.

📅 11 al 15 de xuño.

EXPOTANXE.- Nova edición da exposición de traballos manuais realizados polo alumnado. Local social en horario de 18:00 a 20:00. Entrada de balde.

📅 16 de xuño.

FESTIVAL XL ANIVERSARIO.- Coa participación de: Coro Tanxedoira, Rondalla Barbarás, Coral de Atios, Os Rueiriños de San Pedro de Nós, Teatro Tanxedoira, Canticorum e Rondalla Tanxedoira. Lugar: Centro Agora. A Gramela 17. Hora: 17:00. Entrada de balde.

📅 22 de xuño.

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA.- Celebrarase no local social, e comunicaranse os puntos da orde do día. Hora: 19:00.

SARDIÑADA.- Celebrarase fronte ao local social. Hora: 20:30. Prezo: 3 €. Menores de 12 anos de balde. Existirá lista de inscricións no local social.

📅 30 de xuño.

EXCURSIÓN CULTURAL.-

- Padrón.
- Poio.
- Combarro.

Prezos: Asociados: adultos 10 €, menores de 12 anos 8 €. Non asociados: 12 €.

Os prezos non inclúen a comida nin as entradas para visitar os museos e instalacións que, sendo accesíbeis, cobren por iso. Existirá listaxe de inscrición no local social.

📅 1 de xullo.

COMUÑÓNS.- Actuación do Coro Tanxedoira na Parroquia Resurrección do Señor. Rúa Petunias. Hora: 12:30.

📅 25 de xullo.

COMUÑÓNS.- Actuación do Coro Tanxedoira na Parroquia Resurrección do Señor. Rúa Petunias. Hora: 12:30.

/ Non perdas.../

Xantar XL Aniversario.

Non deixes pasar a oportunidade de celebrar o XL Aniversario de Tanxedoira. Poderás gozar da compañía de socixs e amigxs que se reunirán con motivo deste xantar e que se organizou co gallo de conmemorar esta data tan especial. Esta comida de confraternización terá lugar o próximo 2 de xuño. Tés toda a información na apartado Axenda deste boletín.

V Certame de fotografía Fernando Pombo.

O próximo día 31, finaliza o prazo para presentar os teus traballos ao noso certame de fotografía. Anímate a participar! Sorprenderache comprobar o bx que es!

**Teléfono móvil
Tanxedoira: 611 052 456**